



### BASES CAMPAÑA MILLONARIO

1. A ABE organiza a campaña de promoción comercial de primavera denominada **ESTA PRIMAVERA SÍNTETE MILLONARIO POR UN DÍA** co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante as datas indicadas no punto 2.
2. A campaña desenvólvese dende o 3 ata o 21 abril e sortearanse **1.300 €** en vales de compra, divididos en vales de 50 €, un de cada unha das tendas participantes.
3. Os comercios participantes recibirán 500 rifas iniciais, podendo mercar rifas a maiores en lotes de 500 ao prezo de 5€. Deberán entregar gratuitamente as rifas entre os seus clientes a razón de como mínimo 1 rifa por cada 10 € de compra durante toda a campaña. Aqueles comercios que pola súa singularidade realicen vendas de cuantía pequena poden dar rifas por menos importe que o mencionado.
4. Para participar, cada comercio socio da ABE, debe aportar 10 € e asumir o custe de 1 vale de compra de 50 € no seu establecemento (A ABE en ningún caso asumirá o seu custe)
5. As rifas serán numeradas e o **sorteo realizarase o martes 24 de abril ás 12:00 horas na sede da ABE** polo método de extracción aleatoria como no da lotería nacional.
6. Extraerase 1 número gañador do premio de **1.300 €**.
7. Tamén se extraerán 2 números que actuarán como suplentes. **Tanto os premiados coma os suplentes teñen de prazo ata o luns 30 de abril ás 14:00 horas para pasar polas oficinas da ABE para identificarse co seu DNI e presentar as rifas.**
8. No caso dos suplentes deberán agardar ata despois do día 30 de abril, **prazo a partir do cal o premio (de non aparecer o premiado titular) pasará para os suplentes que previamente haxan pasado polas oficinas da ABE para identificarse. O premio aos suplentes entregarase na orde que resultara no sorteo.**
9. O premiado ten que gastar cada vale de compra de 50 € na tenda á que corresponda, non se devolven cantidades en efectivo e o debe facer no día e horario que a ABE indique xa que a campaña réxese polo lema Millonario por un día. A ABE tentará acordar esa data co premiado sempre que sexa posible pero reservase a facultade final de marcar a data e hora concretas para gastar o premio.
10. A relación de premiados farase pública na páxina web da ABE [www.abe.gal](http://www.abe.gal) nas redes sociais e nos comercios participantes.
11. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.
12. As presentes bases pódense consultar na web da ABE [www.abe.gal](http://www.abe.gal), nas redes sociais e nos comercios participantes.
13. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.